



Elizabeth Gilbert é autora do recoñecido best seller [Come, reza, ama](#), que foi levado á pantalla grande nunha película protagonizada por Julia Roberts e que vendeu, ata a data, máis de dez millóns de exemplares. O libro volveuse tan popular que a revista Time nomeo á autora como unha das 100 personas máis influíntes do mundo.

Además ten escrito o libro de relatos *Pilgrims* (finalista de Pen/Hemingway Award); a novela *Lobos de mar* (próximamente publicada por Suma de Letras), finalista do National Book Award; e o ensaio *The Last American Man* (nominado ao National Book Award e elixido Libro Notable de 2002 polo New York Times). A súa anterior novela, [Comprometida](#) (Suma de Letras), acadou o primeiro posto na lista de máis vendidos de The New York Times.

Escribe regularmente para a [revista norteamericana GQ](#), labor pola que foi proposta en dúas ocasións ao National Magazine Award. Vive en Nova Jersey.

A botánica do desexo

De Barbara Kingsolver (New York Times, 26 setembro 2013)


O meu curso universitario máis influente comezou cun traballo sobre o Libro do Xénese: tíñamos que ler as dúas historias sobre a creación que alí conviven. Se nos interesaba buscar unha fonte secundaria para explicar a existencia de vida – dixo o profesor - tíñamos liberdade para gastar a nosa ansiedade extracurricular conciliando estes relatos en conflito. Pero mentres, na clase, como científicos, botaríamos unha ollada á propia vida como fonte primaria. En canto aos organismos ao noso alcance, o seu credo era: Hai que ter unha mente superior para apreciar unha planta. Por "superior" penso que quería dicir "máis paciente do habitual" As plantas fan o mesmo que os animais, pero máis lentamente. Migran, comunican, enganan, procuran os seus alimentos e, cunha ostentación de estilos e perfumes que avergoñarían a todo o reino animal, tamén fan o amor. Só que collelas en flagrante delito esixiría fotografía a cámara lenta.

A clase era de botánica evolutiva, e a súa sabedoría convértese nunha condición previa especialmente útil para a nova e expansiva novela de Elizabeth Gilbert, *"La firma de todas las cosas"*, sobre unha botánica cuxa fame de explicacións leva a través da maior parte do século de Darwin. Alma Whittaker é unha rapaza cun ingobernable pelo vermello,



chea de enerxía para queimar e a sorte de nacer en 1800 como filla do home máis rico de Filadelfia. O seu pai, un británico de baixo berce e alta ambición, fixo unha temprana fortuna na farmacéutica botánica. Alma crece deambulando polos invernadoiros e bosques propiedade da familia, e na idade adulta a súa maior felicidade é admirar - saías subidas e agochada ao fronte - o funcionamento das plantas. Tal fascinación vana levar a unha longa carreira como unha das grandes taxonomistas do seu tempo.

A historia de Alma é a da Ilustración, cando o primeiro pensamento da xente consistía en ollar ao mundo natural para buscar as explicacións da vida, en lugar das historias relacionadas coa creación antropocéntrica nun universo centrado na Terra. É difícil agora imaxinar unha civilización industrial que apenas tiña palabras para denominar ao "científico", xa que tal termo non foi inventado ata a década de 1830. Cando Alma a escoita por vez primeira sónalle a outros ismos de tipo cultista. Pero como científica que é, o seu é o tipo de espírito que pode apreciar unha planta.



A súa paixón especial son os brións: os seus corpos primitivos, hábitos incondicionais e peculiares modos reprodutivos. Ela ama a beleza que gardan en reserva, ao contrario das plantas máis ostentosas que atraen a outros botánicos. Ela atopa especies previamente descoñecidas un pouco máis aló da súa porta. E xa que os brións secos son utilizados como material de embalaxe, ao remover entre caixas baleiras nos peiraos locais atopará espécimes estranxeiras suficientes para ocupar o seu tempo indefinidamente.

A vida como filla solteira non limita a Alma, que pasa anos marcando os límites dos brións que compiten polo territorio, como merodeadores a cámara lenta. Ao longo de décadas, ela mide as súas conquistas en milímetros, e fica entusiasmada.

O/A lector/a de mente científica podería querer máis detalles sobre o que Alma ve a través do seu microscopio mentres clasifica os seus descubrimentos. É certo que un/ha lector/a con outro tipo de inclinacións podería preferir o equivalente Victoriano dunha persecución en coche; pero non se pode compracer a todos. A novela se anticipa coa peripecia vital da historia do pai de Alma, un ladrón de plantas cuxo castigo da infancia condeouno a vivir as tolas singladuras do Capitán

Cook. Os acontecementos reais proporcionan un amplo substrato para unha novela que enreda o histórico e o imaxinado tan sutilmente que semella que non estamos lendo ficción durante a maioría da súa primeira metade. O cambio no relato acontece tra-la presentación do aspecto máis sedutor por parte da autora, o deliciosamente nomeado Ambrose Pike. (Nomes dickensianos abundan aquí: Hanneke de Groot, Retta Snow, o reverendo Welles de profundidades insondábeis, un mesías polinésio de nome Tomorrow Morning). Neste punto xa estamos preparados para entrar no apartado sentimental de Alma, que é "como un libro que se abrixa pola mesma páxina todos os días" durante a maior parte dos seus 48 anos.

Fiel ao seu nome, Ambrose Pike é tanto ambrosía como espada penetrante, e a fascinación mutua avanza demasiado rápido para a que pode ser unha das propostas de matrimonio máis estranas na literatura. Pero os malentendidos aparecen, deixando a Alma deprimida e sen entusiasmo para a vida e os seus brións. Ela mergullase na súa propia aventura "Come, reza, ama", aínda que haxa pouco rezo e menos comer na súa cabana á beira do mar en Tahití.

Os aspectos locais son reflexados con brillo: en Tahití as plameiras susurran como a seda, as prostitutas son puro negocio e os nenos nativos enredan sen parar ata caer durmidos na area. Alma traballou ao longo de anos para coñecer o mundo, pero só fora do seu dominio protexido pode albiscar a mecánica real da creación, e esta non adoita ser precisamente fermosa. O planeta ofrece recursos limitados; a competencia é dura e constante. "Todo o que non sexa a loita pola resistencia" decátase Alma, "é un rexeite do gran pacto vital". Dun xeito algo predecible pero tamén asombroso, a novela aferrase á súa man e vemos todos os camiños que levan á máis grande teoría unificadora xamais concebida pola ciencia natural. Os brións de Alma son análogos aos paxaros de Darwin nas Illas Galápagos. Alma non tiña lido o libro que Darwin ía publicar - pero Gilbert sí, e mantén unha mestría admirable das grandes ideas que parafrasea como a "Teoría do cambio competitivo" de Alma.



A narrativa esténdese, pero o seu centro mantense grazas á comprometida credibilidade da protagonista como unha muller a ben coas súas fortalezas e limitacións. En Tahití Alma observa ás mulleres reunirse no río para lavar as mechas sedosas, e se pregunta se existe algún país no mundo onde o seu propio cabelo “non sería considerado unha traxedia” Con todo, con satisfacción absoluta ela articula un credo científico “Nunca sentín a necesidade de inventar un mundo máis aló deste, pois este mundo sempre me pareceu grande e fermoso abondo para min.” Descendente dun orgulloso pai e unha nai nada sentimental, Alma posúe unha confianza ben cementada non predisposta á autocompaixón - ou,



incluso, a calquera interese especial na solidariedade feminina. Se ten que publicar artigos científicos utilizando unha primeira inicial de enmascaramento de xénero, esto non supón un gran inconveniente para ela. As súas comunicacións cos homes cultos da súa época - primeiro ditadas do seu pai, logo retomadas pola súa propia man - son recompensadas coa posición no mundo que realmente precisa para seguir a súa felicidade. Esta historia dunha muller intelctualmente ambiciosa do século XIX non se preocupa abertamente pola súa feminidade. Sexa ou non perfectamente precisa esa interpretación de posibilidades, serve ben para inocular a Alma contra un destino potencial como unha heroína estereotipada de certa literatura feminina.

Se algunha vez un libro foi condenado a nacer no medio de fortes expectativas, aquí o temos (un feito que Gilbert xa abordou graciosamente nalgúns conferencias). O texto “*Autora do best seller nº1 ‘Come, reza, ama’*” aparece ben destacado na portada, e, agravando as expectativas, a publicidade do libro proclama unha obra de estilo século XX en estilo e substancia. De feito, a prosa é moderna e accesible, apoiándose na trama máis ca na linguaxe para atraer lectores. Gilbert establece como unha directa contadora de historias que nos desafia a aventurarnos en descubrimentos mundanos, e esta novela será un próximo éxito. “*La firma de todas las cosas*” é unha homenaxe ás moitas naturezas do xenio e o progreso inevitable de ideas, nun mundo que revela as súas mellores verdades ás mentes inusualmente pacientes.

“La firma de todas las cosas” de Elizabeth Gilbert

Reseña de Elizabeth Day (The Guardian, 6 outubro 2013)

Todo o que eu realmente sabía sobre Elizabeth Gilbert antes de leer a súa nova novela era que ela escribira *Come, reza, ama*, un libro autobiográfico no que detallaba a súa busca de iluminación espiritual a raíz dunha ruptura matrimonial. Ese libro, de numerosas ventas, fixo de Bali un destino turístico para os/as divorciados/as deprimidos/as e máis tarde foi adaptado nunha sensíbleira película protagonizada por Julia Roberts.

Como moitas persoas alimentadas de prexuízos literarios, sempre fun un pouco desdeñosa de Gilbert, imaxinándoa como unha glorificada autora de libros de auto axuda. Isto foi a pesar dos comentarios de varios amigos sobre a boa escrita de “*Come, reza, ama*” deixando claro que a película fixeralle un escaso favor ao libro. Máis tarde descubrín que Gilbert xa era unha xornalista experimentada – o seu artigo de 1997 na revista GQ acerca do seu tempo como camareira nun bar de striptease no East Village de Nova York foi no ano 2000 a base da película “*Bar Coyote*” (unha película que foi un placer non exento de culpa daquela aos meus vintepoucos anos). Pero ata o mes pasado, non tiña lido nada da súa recente obra.

Grazas a Deus, finalmente atopei o sentido e “*La firma de todas las cosas*”, sexto libro de Gilbert e a súa segunda obra longa de ficción, e sinxelamente unha das mellores novelas que lin en anos. Relata a historia de Alma Whittaker “nada co século” en 1800, en pleno inverno en Philadelphia. O seu pai, Henry, é un titán feito a si mesmo: un dos tres homes máis ricos do hemisferio occidental, cunha fortuna acadada cun próspero negocio de importación e exportación de plantas exóticas.



Tertulias Literarias

De nena, Alma é intelixente, perspicaz pero pouco agradada, tendo a mala sorte de parecerse precisamente ao seu pai. Gilbert escribe, aderezando a observación cun típico toque de humor absurdo: “A cara de Henry pegáballe mellor a un home de certa idade que a unha nena. Non puña obxeccións Henry a esta situación; Henry Whittaker disfrutaba ollando a súa imaxe onde quera que a atopase.”

Medrando rodeada das extensas propiedades da súa familia, Alma deixase fascinar pola botánica e amosa ter unha mentalidade astuta para os negocios. Devora libros e ten ferventes fantasías eróticas pero faltalle o demandante apropiado. A súa irmá adoptada, Prudence, é a beleza que atrae as olladas de admiración dos homes, pero é impenetrable: unha moza fría e reservada que mantén a súa intimidade á raia.

Alma debece amizade, amor e coñecemento. Gilbert interpreta os seus afáns con precisión exquisita, transmitindo tanto a inocencia de Alma como a súa frustración nunha época na que ás mulleres non lles estaba permitido admitir necesidade sexual algunha. A falta de satisfaccións románticas, Alma fica fascinada polo estudo dos brións e, en moitas maneiras, estes plantas reflicten a cualidade intrincada e o lento movemento da propia existencia de Alma.

“O mundo reduce-se en infinitas pulgadas de posibilidades,” escribe Gilbert. “A súa vida podería ser vivida en abundante miniatura.”



Alma é retratada como una auténtica muller da ilustración pero a medida que o seu coñecemento intelectual aumenta, tamén o fai o seu desexo emocional. Algúns dos pasaxes máis tenros e brillantes en “*La firma de todas las cosas*” saen do desconcerto ben intencionado de Alma ante a ilóxica dos comportamentos doutras persoas que non poden ser ordenados e entendidos como espécimes baixo a lupa dun microscopio.

Cando Ambrose Pike, un talentoso litógrafo que realiza maravillosas imaxes de orquídeas, aséntase nas propiedades da familia Whittaker, ela namorase, pero

a relación non aporta as respostas que Alma estaba a esperar. A partir deste punto, Gilbert realmente colle ritmo. Cando o pai de Alma morre, ela embarca nunha viaxe épica de descubrimento para examinar a fauna e flora de Tahití. Pero canto máis quere entender o mundo exterior, tanto máis busca a luz sobre as súas propias contradicións.

Cada pasaxe desta extensa novela está escrita cun sorprendente coidado pola cantidade exacta de detalles históricos ou naturais. O personaxe de Alma Whittaker é tan crible, tan profundamente trazado e tan disfrutable pola súa complexidade e espírito aberto, que é imposible non deixarse absorber por cada un dos xiros dos seus pensamentos e imaxinacións. De feito, un dos aspectos máis logrados de Gilbert é converter a viaxe de Alma nunha viaxe universal, a pesar de ancorar a vida da protagonista nun tempo diferente e situala nun dos lugares máis afastados da Terra aínda sen explorar.

Arredor de 500 páxinas, Gilbert crea unha novela deslumbrante que leva ao/á lector/a desde os invernadoiros dos Xardíns de Kew no século XIX á beleza salvaxe de Tahití. O resultado é un libro tan épico en alcance como humano en resonancia.

Ao mesmo tempo, “*La firma de todas las cosas*” trae a un primeiro plano ás mulleres olvidadas da ciencia, cuxa labor pioneira foi absorbida por homes máis famosos. Pero tamén plantexanos a consideración de se vivir unha vida entre as sombras, que abarca un milleiro de accións pequenas, case desapercibidas, vale menos que unha vida de grandes xestos e recoñecemento público.



Ao final, o/a lector/a fica coa sensación de que unha podría non existir sen a outra. Despois de todo, por cada orquídea tropical hai un brión traballador, arrastrándose sen ser visto sobre as pedras.

A autora de “Come, reza, ama” regresa á ficción cun encantador e atractivo viaxe de autodescubrimento

Por Jane Shilling (The Telegraph, 1 outubro 2013)

A novelista e autora de memorias Elizabeth Gilbert describiuse nalgún momento a sí mesma como “favorita do destino”, e a temática do destino – cómo se vai configurando unha vida en base a os arbitrarios cambios de sorte – planea ao longo da súa última novela.

Gilbert xa tiña escrito unha novela e un libro de relatos cortos, pero é coñecida fundametalmente como a escritora de “Come, reza, ama” a crónica autobiográfica de un ano de viaxes tra-la ruptura do seu matrimonio, que vendeu 10 millóns de copias en todo o mundo e foi levada ao cine en 2010 con Julia Roberts de protagonista. Na actualidade regresa á ficción despois de doce anos con “La firma de todas las cosas”, unha historia de amor, ciencia e oportunidades perdidas.



A heroína é Alma Whittaker, nada o 5 de xaneiro de 1800 nas circunstancias propicias. Moi esperada pola súa nai, Beatrix, que xa sufrira tres abortos e un parto fallido antes da chegada de Alma: “Tras semellantes perdas, calquera crianza que sobrevivira é satisfactoria.” O seu pai, Henry, síntese igualmente feliz: “Non lle importou que a crianza non fose un neno, nin que non fose bonita... xa tiña a súa filla e a tendencia vital de Henry Whittaker era admirar sen reservas todo o que facía”.

Entre o conseguido por Henry está unha importante fortuna en produtos farmacéuticos botánicos. Fillo dun humilde empregado dos Xardíns Reais de Kew, Henry chamou ben cedo a atención do superintendente de Kew, Sir Joseph Banks, tras ser collido vendendo valiosos espécimes a coleccionistas de plantas.

Impresionado pola iniciativa de Henry, Sir Joseph, un espírito inconformista, enrola ao mozo no terceiro viaxe do Capitán Cook arredor do mundo. Henry, tras unha disputa con Banks e ter feito unha fortuna coa venda de codia de quinina, casa coa sensible filla dunha familia de botánicos holandeses e asentase en Philadelphia.

Quizáis o maior golpe de fortuna de Alma é que os seus pais animan a súa natureza esperta e curiosa. Dende a temperá infancia Alma conversa intelixentemente cos distiguindos invitados – científicos, exploradores, filósofos – á mesa de Henry, e persegue o seu propio interese na ciencia natural. Ata cumprir os nove anos de idade, síntese o centro do seu pequeno universo –cando aparece a súa irmá adoptada, Prudence.

Mentres que Alma é robusta e locuaz, Prudence é hermosa e calada: “Todo o relacionado con Prudence facía sentir a Alma humilde e sinxela. Sentimentos aos que non estaba acostumada, e conforme a súa natureza sexual vaise desenrolando (estimulada pola lectura sen censuras na enorme biblioteca do seu pai) semella que a súa sorte está a piques de dar un cambio.

Desafortunada en asuntos emocionais, os homes sintense atraídos pola poderosa orixinalidade da súa mente, pero vena máis como unha colega talentosa que como unha muller con quen casar. Tras un breve e maravilloso momento



de felicidade que remata en dura humillación, Alma opta polo escape en forma de viaxe como cura para un corazón rachado, e embarcase para atopar respostas á cantidade de preguntas sobre o mundo e o lugar dela no mesmo.



A idea de cómo una muller intelixente, apaixonada pode atopar e manter balance entre os aspectos intelectuais, emocionais e físicos da súa natureza ten preocupado a moitas mulleres novelistas desde Jane Austen, e Gilbert trata a situación de Alma con crudeza, atenuada cunha profunda consideración pola súa incómoda, pero atractiva creación.

Neste nadir emocional que marca o punto intermedio da súa vida, Alma reflicte que “ela se tivera por unha muller de dignidad e coñecemento mundano, pero en realidade era unha princesa petulante que ía envellecendo... que xamáis arriscara nada de valor.” A recompensa por este momento lacerante de autocoñecemento chega dun xeito amable. Non hai premio dourado, nin emocional nin intelectual – a natureza esencial de Alma apenas cambia, a súa habilidade para aproveitar o momento é inestable a a súa sorte é diversa. Pero como muller madura recibe con outro momento de introspección – suficiente

para decatarse que a súa vida, con todas as decepcións, humillacións e oportunidades perdidas, foi, ao seu xeito, preciosa e afortunada.

Gilbert ten falado da súa admiración pola obra “*En la Corte del lobo*” de Hilary Mantel ([dispoñible en Rialeda](#)), e a súa influencia resulta evidente no amplo alcance histórico de “*La firma de todas las cosas*” coa súa ambición á hora de reflexar preguntas universais sobre a natureza humana a través dunha experiencia complexa individual. A narrativa de Gibert adolece do filo implacable de Mantel, a os seus personaxes secundarios non están tratados con precisión absoluta: hai certo esquematismo no xeito de emplear os personaxes como exemplos dos diferentes aspectos da natureza masculina e feminina. Con todo, esta é unha gran novela en todos os sentidos – amplamente documentada, de lectura atractiva e cun forte encanto que seguramente vana erguer nas listas de vendas.

Fontes:

http://www.nytimes.com/2013/09/29/books/review/elizabeth-gilberts-signature-of-all-things.html?_r=0 New York Times

<http://www.theguardian.com/books/2013/oct/06/signature-all-things-elizabeth-gilbert-review> The Guardian

<http://www.telegraph.co.uk/culture/books/bookreviews/10339780/The-Signature-of-All-Things-by-Elizabeth-Gilbert-review.html> The Telegraph

Todos os textos foron traducidos ao galego dos orixinais en inglés, pregamos disculpas por posibles erros ou omisións.

[Arquivo documental das Tertulias Literarias \(dende 2010\)](#)

Biblioteca Central Rialeda
Avenida Rosalía de Castro 227 A
15172 – Perillo (Oleiros)
Tfno.: 981 639 511
Fax: 981 639 996
Email: biblioteca.rialeda@oleiros.org
Blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/>